



## Concello da Pastoriza (Lugo)

### BANDO

**DON PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO),**

#### FAI SABER:

Atendendo ás normas e recomendacións das autoridades sanitarias sobre a necesidade de garantir as distancias de seguridade pola crise do COVID-19, e tendo en conta que de acordo co punto 4 da *Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade* (DOG Núm. 115 Sábado, 13 de xuño de 2020) as festas, verbenas e outros eventos populares, están en suspenso, como mínimo, ata o 1 de XULLO desde o **Concello da Pastoriza** comunicamos o seguinte:

- **Non estarán permitidas as fogueiras, barbacoas e sardiñadas en espazos públicos para este San Xoán 2020.**
- Os veciños e veciñas de Pastoriza poderán facelas en espazos privados (sen acceso ao público en xeral), polo que non poderán facerse en vías públicas pavimentadas, camiños públicos, nin en zonas verdes ou xardíns, lugares próximos á liña eléctrica, inmobles e naqueles onde poida crearse situación de perigo. Para iso, deberán formular unha comunicación previa ó Concello a través dalgunha das seguintes vías:
  1. De forma presencial, no Concello (previa cita)
  2. Por correo electrónico ao correo [administración@concellodapastoriza.es](mailto:administración@concellodapastoriza.es) (indicando no asunto comunicación de fogueira xunto co modelo de declaración que se adxunta)
  3. Por teléfono (982 33 21 97)
- Os/as veciños/as deberán indicar os seguintes datos: nome completo, DNI, lugar da fogueira e parroquia, e teléfono de contacto.
- A data límite para presentar comunicacións previas é o **22 de xuño.**
- Non se trata dunha autorización, senón dunha comunicación previa para que os servizos de defensa contra incendios e forzas de seguridade saiban onde se van realizar fogueiras, para poder actuar con maior rapidez en caso de que sexa necesario.
- Os veciños/ as que realicen fogueiras deberán atender as seguintes recomendacións:
  1. Recoméndase que as fogueiras non superen os 2 metros de altura.





## Concello da Pastoriza (Lugo)

2. Colocar a fogueira nun lugar que non supoña perigo para as persoas e bens.
3. Facer unha limpeza ao redor da fogueira
4. Non facer a fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento, ou unha vez iniciado o lume, ante condicións meteorolóxicas desfavorables deberse suspenderse.
5. Para a combustión só poderá empregarse leña, ramas, troncos de árbores ou calquera material de madeira. Estará prohibido o uso de materiais inflamables como rodas e cubertas de goma, plástico ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, explosivos, fedorentos ou tóxicos.
6. Non se abandonará o lugar da queima ata que o lume estea totalmente extinguido.
7. Deberá contarse con extintor ou outro medios para actuar en caso necesario.
8. Os titulares da finca en que se realicen serán responsables dos danos que poidan ocasionar con motivo da mesma.
9. Deberá cumprirse coas demais obrigas previstas na Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais de Galicia.
10. En todo caso cumpriranse as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, polo que se lle da publicidade ao acordo do Consello da Xunta de 12 de xuño de 2020 – DOGA Nº 115 de 13 de xuño – e demais normativa autonómica aplicable).

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.

Agardando a súa colaboración,

Na Pastoriza, na data da sinatura  
O ALCALDE - PRESIDENTE

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

